

No tempo vivido

Para seguir bailando é unha compilación de relatos unificados polo título do que pecha a escolma e por unha persistente e témera pescuda da esencia da vida, do tempo vivido, reflectidos cos galanos dunha escrita cumprida e madura. Nesta nova achega o lector poderá detectar sen demasiados esforzos o ADN privativo de Francisco Fernández Naval como narrador. Nunha peza que se desprenga en dez relatos e que se nutren co zume e o alento da mesma árbore, non atopamos, o mesmo que en obras anteriores, un sobrepezo da acción. Pola contra, a trabe mestra que sostén os relatos é a reconstrución das reaccións anímicas dos personaxes. O verdadeiro enre-

Trazos autobiográficos

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

franquista por tres rapaces nunha casa que é o espazo da sombra porque gardaba, incrustado en cal e pallabarro, o cadáver seco dun desertor do exército rebelde. A mesma violencia, aínda que sen dúbida máis sutil, pero igualmente arrepiante, é a que atopamos en "Noite de cloroformo" e "A vida secreta de L". Violencia agochada por parte dun crego que viola menores aos que dorme con cloroformo. Ou violencia sexista en "A vida secreta de L", un relato impresionista, fragmentario, feito de pinceladas e cunha escrita aparentemente descoidada a mantenta, que

ma, "Ovos de serpe". O título fai referencia á película homónima de Bergman e desenvolve unha perfecta trama de corrupción e erotismo. Tamén nas sociedades democráticas, por debaixo da normalidade, latexan complexos entretrecidos de corrupción e favores. Unha recuperación e inmersión no universo cultural e na vida real das aldeas galegas, hoxe despo-

Baile do azar que é talvez a verdadeira esencia da literatura

das, é o que Fernández Naval nos achega nos relatos "Contemporáneos I" e "Contemporáneos II". No primeiro ficamos abrañados polo drama existencial de dous irmáns que viven na soidade da aldea, poboada só polas víboras que inzan debaixo das pedras e se fan donas das casas. Máis optimista é a visión do rural galego do penúltimo relato. Cambiar voluntariamente o quirófano por un centro de saúde dunha vila. Cambiar a asepsia polo esterco e a sarabia. Mais tamén, o silencio polas palabras da nosa xente do rural que ata ao burro lle falan.

Pecha a colección o relato que rotula o libro. Unha homenaxe a Cortázar en forma de carta co que o escritor ourensán comparte no só os xogos metafóricos, senón tamén a virtude do fantástico e do azar que é quen de facer máis real o real. E así, cunha linguaxe pulcra, por veces deliberadamente descoidada e cunha ampla variedade temática, enliña Fernández Naval este baile do azar que é talvez a esencia da literatura no só en Bos Aires, senón en calquera lugar onde unha mente humana é capaz de fabular.

FERNÁNDEZ NAVAL, *F.X., Para seguir bailando*, Xerais, Vigo 2008, 147 páxinas



do aséntase pois no burbullar das lembranzas, sentimentos e paixóns dos actantes.

E como fío condutor da maioría dos dez relatos, o tempo vivido, unha ollada ás experiencias da propia existencia, que lle confiren á escolma non poucos trazos autobiográficos. Un tempo vital do que forman parte o azar, a memoria, a violencia, a importancia das palabras. Este mundo vivido, reflectido e deformado no espello fabulador do autor deixase albiscar xa no primeiro relato, "Noite de pallabarro", a descuberta do terror

reflexa a aldraxe machista de certas visións masculinas sobre a muller, vítima e á vez obxecto de desexo.

"O escriba e o comandante" retoma un tema xa tratado polo autor na novela *Sombras no labirinto*. Os guerrilleiros escondidos no zulo do cañón do Sil, que querían salvar un país, pero erraban na súa análise, porque o país obxecto da súa rendición estaba resignado a súa sorte. Un dos mellores relatos da escolma é, na miña esti-